



ALCALDÍA

MEMORIA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2014

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 168.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Alcalde-Presidente que subscribe, procedeu a formar o proxecto de Orzamento Xeral desta Entidade correspondente ao exercicio de 2014, cuxo contido, en resumo, desglosase nos seguintes parágrafos.

O Orzamento Xeral do Concello de Vigo esta conformado polo da propia Entidade Local e os seus organismos autónomos administrativos dependentes da mesma, en consecuencia, o orzamento esta integrado por:

- Entidade Local.
- Instituto Municipal dos Deportes.
- Parque das Ciencias Vigo Zoo.
- Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

O proxecto orzamentario que se presenta para o ano 2014, caracterízase polo seu equilibrio e racionalidade, pero sobre todo marcado pola procura da eficiencia dos recursos públicos e os seus empregos. Este Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos sociais, especialmente os destinados a facer fronte a crise, ao emprego, os servizos educativos, culturais, protección e promoción social, e en xeral, os servizos públicos básicos.

O orzamento de 2014 é fundamental para a saída da crise, nesta situación fai precisa a adopción de políticas que faciliten a recuperación económica e que asenten as bases da recuperación do emprego, ademais dunha ampla cobertura social.

Previa valoración do método e dos informes técnicos e xurídicos -baseado sempre na eficacia e na sostibilidade-, se procederá a integrar na administración municipal os organismos autónomos de Vigozoo, IMD e EMAO.

Na situación de crise, para facer menos pesada a carga fiscal que os cidadás teñen fronte as distintas administracións, o Concello de Vigo conxelou a totalidade dos impostos, taxas e prezos públicos. En relación cos beneficios directos que lle produce aos cidadás este acordo, cabe destacar:

É o segundo ano consecutivo que se conxela a tarifa do transporte urbano colectivo, de tal xeito que, todos os usuarios con bono, manterán o mesmo prezo que estaban pagando no ano 2012.

O mesmo aconteceu co custo da auga, tamén neste caso, é o segundo ano que está conxelada a taxa.

Aínda que a Xunta de Galicia mediante Lei subiu o custo do tratamento de residuos sólidos urbanos en algo máis dun 33 por 100, o Concello de Vigo, non trasladou aos cidadás esta suba, pola contra, a taxa pola recollida do Lixo, incorporou novas bonificacións fiscais, e mantén o mesmo prezo que no ano 2013, xa que se conxelou.

Incorporáronse novas bonificacións ao imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica, ademais, tamén se conxelou o imposto.

O Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, non tivo variación nin na base imponible nin no tipo, conxelouse a cota, polo tanto, os cidadáns van a pagar o mesmo que no ano precedente.

O orzamento mellora as prestacións do exercicio precedente, non só atendendo a súa calidade senón tamen a intensidade, facendo un uso máis eficiente dos recursos na actual situación económica.

O Goberno municipal porá a disposición da Xunta de Galicia, libres de cargas, os terreos necesarios para a construción da Cidade da Xustiza, emprazados na unidade de actuación denominada Chouzo, ao carón dos actuais xulgados.

A financiación desta adquisición, terá orixe no alleamento das 40 vivendas que conforman Patrimonio Municipal do Solo, sitas na Rúa República Argentina, números 12-14, que teñen un valor de saída (valoración técnica) de 6.165.954,65 euros, cuxo financiamento ten a cualificación de recurso afectado a esa finalidade, e o sobrante, se fose o caso, destinarase de novo a PMS.

O procedemento de alleamento é por poxa pública, cuxo Prego de Condicións económico administrativas, foi aprobado polo Consello da Xerencia de Urbanismo na sesión ordinaria de 27 de marzo de 2014.

En canto aos Orzamentos dos organismos autónomos dependentes da Entidade Local, foron sometidos á proposta das súas respectivas Xuntas Reitoras e preséntanse por separado. En cumprimento do previsto no art.166.1.c) do TRLRFL, sen prexuízo da súa individualización, preséntase un estado consolidado conformado polo orzamento da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos. O orzamento dos organismos autónomos teñen a dotación necesaria para facer fronte á actividade ou actividades que foron obxecto de desconcentración polo Pleno da Corporación, e estará vixente ata que se produza a súa integración no Concello.

Non hai aspectos salientables na estrutura dos seus orzamentos, a pesares das dificultades xurdidas pola merma de recursos, manteñen en xeral a súa capacidade orzamentaria en canto o gasto corrente non financeiro.

Tanto a memoria orzamentaria dos respectivos organismos autónomos como o informe económico financeiro, pon de relevancia as variacións tanto nos recursos como nos empregos en relación co orzamento precedente.

CADRO RESUMO DOS ORZAMENTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.650.400,00		3.700.082,98		991.389,50		903.595,00	
II	5.220.881,16		1.201.363,98		244.448,88		568.451,64	
III		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	30,00	350.024,64
IV	29.164,52	5.564.152,62	1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	14.800,00	1.144.181,64
V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
VI	60.000,00		378.251,42		18.922,84		27.770,00	
VII	,00	60.000,00		340.000,00	,00	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	9.000,00	9.000,00
TOTAL	7.984.486,16	8.061.614,78	6.981.764,37	6.981.764,37	1.266.761,22	1.266.761,22	1.523.646,64	1.523.646,64

O cadro comparativo da distribución por Áreas de gasto e capítulos, faise en aplicación da estrutura orzamentaria aprobada pola ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro.

O orzamento consolidado presentase cun superávit inicial de 77.128,62 euros, que se corresponde co Remanente de Tesourería negativo do Instituto Municipal dos Deportes correspondente á Liquidación orzamentaria do ano 2012, de aí que o orzamento consolidado de ingresos sexa superior co de gastos nesa contía.

Sobre a contía dos estados iniciais que se someten a consideración do Pleno da Corporación, tramitaranse as preceptivas modificacións orzamentarias, das que merece especial relevancia, a correspondente á incorporación de remanentes e a xeración de créditos que xorda polo alleamento das vivendas da Rúa República Argentina para a adquisición dos terreos para a cidade da xustiza.

Os estados de gastos e ingresos do orzamento da Entidade Local e os consolidados son os seguintes, resumidos por por capítulos:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS

Capítulo	Descrición	Empregos	
Operacións correntes			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Gastos de persoal	58.906.358,70	67.151.826,18
II	Gastos correntes en bens e servizos	107.182.711,49	114.417.857,15
III	Gastos financeiros	1.063.719,00	1.063.749,00
IV	Transferencias correntes	39.125.482,62	25.907.876,56
V	Fondo de Contixencia	200.000,00	200.000,00
Total empregos por operacións Correntes non financeiras		206.478.271,81	208.741.308,89
Operacións de capital			
VI	Investimentos reais	10.846.071,96	11.331.016,22
VII	Transferencias de capital	965.056,26	546.133,42
Total empregos por operacións de capital non financeiras		11.811.128,22	11.877.149,64
Total empregos por operacións non financeiras		218.289.400,03	220.618.458,53
VIII	Activos financeiros	601.000,00	671040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.355,46	6.800.355,94
Total empregos por operacións de capital financeiras		7.401.355,46	7.471.396,42
Total Operacións de Capital		19.212.483,68	19.348.546,06
TOTAL XERAL GASTOS		225.690.755,49	228.089.854,95

COMPARATIVO DAS ÁREAS DE GASTO ORZAMENTO DO ANO 2013-2014

Estado de gastos do Orçamento Entidade Local				Estado de gastos do Orçamento Consolidado			
Ano 2013		Ano 2014		Ano 2013		Ano 2014	
Área	Importe	Importe	Variación	Área	Importe	Importe	Variación
0	11.341.584,67	7.852.074,46	-30,77%	0	11.341.584,67	7.852.074,46	-30,77%
1	115.003.470,09	115.725.914,94	0,63%	1	114.356.486,33	115.392.343,88	0,91%
2	17.163.814,06	19.135.266,68	11,49%	2	17.163.814,06	19.135.266,68	11,49%
3	32.480.036,61	34.020.689,93	4,74%	3	35.156.462,71	36.753.359,97	4,54%
4	14.338.801,18	15.381.029,28	7,27%	4	14.338.801,18	15.381.029,28	7,27%
9	35.721.667,54	33.575.780,20	-6,01%	9	35.721.667,54	33.575.780,20	-6,01%
Total	226.049.374,15	225.690.755,49	0,16%	Total	228.078.816,49	228.089.854,47	0,00%

ORZAMENTO COMPARATIVO DE GASTOS (2013-2014) SEGUNDO NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo		Entidade Local			Estados Consolidados		
		Importe 2013	Importe 2014	+/- .%	Importe 2013	Importe 2014	+/- %
1	Gastos de pessoal	58.911.357,92	58.906.358,70	-0,01%	66.866.480,22	67.151.826,18	0,43%
2	Gast. c. bens e servizos	104.198.884,00	107.182.711,49	2,86%	111.781.417,34	114.417.857,15	2,36%
3	Gastos financeiros	2.234.922,66	1.063.719,00	-52,40%	2.234.952,66	1.063.749,00	-52,40%
4	Transferencias correntes	37.111.283,94	39.125.482,62	5,43%	23.463.392,62	25.907.876,56	10,42%
5	Fondo de Contixencia		200.000,00	100,00%		200.000,00	100,00%
6	Investimentos reais	12.753.207,36	10.846.071,96	-14,95%	13.307.737,74	11.331.016,22	-14,85%
7	Transferencias de capital	1.120.056,26	965.056,26	-13,84%	626.133,42	546.133,42	-12,78%
8	Activos financeiros	601.000,00	601.000,00	0,00%	680.040,48	671.040,48	-1,32%
9	Pasivos financeiros	9.118.662,01	6.800.355,46	-25,42%	9.118.662,01	6.800.355,46	-25,42%
Total		226.049.374,15	225.690.755,49	-0,16%	228.078.816,49	228.089.854,47	0,00%

ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS DO ANO 2013-2014 ATENDENDO À NATUREZA ECONÓMICA (Entidade e Estados Consolidados)

Capítulo		Entidade Local			Estados Consolidados		
		Importe 2013	Importe 2014	+/- .%	Importe 2013	Importe 2014	+/- %
1	Impostos directos	101.703.710,00	102.241.340,00	0,53%	101.703.710,00	102.241.340,00	0,53%
2	Impostos indirectos	6.749.060,00	6.501.120,00	-3,67%	6.749.060,00	6.501.120,00	-3,67%
3	Taxas, P. Pú. outros ingresos	35.051.477,40	35.251.477,40	0,57%	39.317.858,03	39.221.547,86	-0,24%
4	Transferencias correntes	70.165.126,75	71.116.818,09	1,36%	68.543.920,24	69.495.611,58	1,39%
5	Ingresos patrimoniais	2.680.000,00	3.180.000,00	18,66%	2.750.347,81	3.237.323,17	17,71%
8	Activos financeiros	600.000,00	600.000,00	0,00%	679.040,48	679.040,48	0,00%
9	Pasivos financeiros	9.100.000,00	6.800.000,00	-25,27%	9.100.000,00	6.800.000,00	-25,27%
Total		226.049.374,15	225.690.755,49	-0,16%	228.843.936,56	228.175.983,09	-0,30%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Recursos	
Operacións correntes			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Impostos Directos	102.241.340,00	102.241.340,00
II	Impostos Indirectos	6.501.120,00	6.501.120,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	Transferencias correntes	71.116.818,09	69.495.611,58
V	Ingresos Patrimoniais	3.180.000,00	3.237.323,17
Total recursos por operacións Correntes non financeiras		218.290.755,49	220.696.942,61
Operacións de capital			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
Total recursos por operacións de capital non financeiras		,00	,00
Total recursos por operacións non financeiras		218.290.755,49	220.696.942,61
VIII	Activos financeiros	600.000,00	670.040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.000,00	6.800.000,00
Total recursos por operacións de capital financeiras		7.400.000,00	7.470.040,48
Total Operacións de Capital		7.400.000,00	7.470.040,48
TOTAL XERAL INGRESOS		225.690.755,49	228.166.983,09

A análise particularizado de cada un dos capítulos e Áreas de Gasto, faise dun xeito xenérico, coa excepción que poida requirir algunha variación salientable, a súa avaliación polo miúdo, analízase no informe económico que forma parte do expediente do orzamento.

En canto ás dotacións destinadas a sufragar a débeda, as variacións nos pasivos a longo prazo teñen unha diminución en relación co ano precedente, sendo a variación do 25,42 por 100. O importe que figura como pasivos financeiros no estado de gastos e por unha contía de 6.800.355,46 euros, e o resto, por unha contía de 2.654.066,35 euros, compénsanse cos ingresos a conta recibidos, non conformando gasto financeiro no orzamento, senón unha minoración nos ingresos. Incorporase a primeira anualidade do préstamo concertado no ano 2013. Por outra banda, como consecuencia dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 27/05/2013 e 05/08/2013, amortizouse anticipadamente a operación formalizada co BBVA no ano 2010, que tiña un capital vivo de 9.334.884,18 euros. Tamén foi obxecto de amortización anticipada, a operación formalizada con NGB no ano 2011 por unha contía de 9.287.287,35 euros.

En canto ao custo financeiro da débeda, prodúcese unha diminución en relación co ano anterior. No ano 2013, dotáronse 2.222.922,66 euros, e o devengo real foi de 727.370,25 euros. Neste ano, dótanse 1.051.719 euros, e a execución, sempre se se mantén o tipo de euríbor, vai estar por debaixo do millón de euros.

A variación no capítulo IX (amortización de pasivos) e negativa nun 25,42 por 100, xa que a contía de débeda pendente tamén e moito menor, experimentando unha caída no monto total do 29,78 por 100 en relación co peche do ano 2012. No capítulo III, diminúen as dotacións un 52,40 por 100. A consecuencia é un servizo de débeda moito máis baixo.

Prevese un recurso financeiro pola concertación dun pasivo financeiro por unha contía de 6.800.000 de euros, que resulta inferior cos pasivos que se amortizan no ano 2014, producíndose por iso un saldo de endebedamento neto negativo, é dicir, a situación ao peche do ano 2014, vai ser dun volume de débeda inferior ca do inicio do exercicio.

A Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, no seu artigo 21, segue a manter a limitación á incorporación de persoal de novo ingreso, quedando reducida a “cero” a TRE, salvo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os servizos básicos como a Sanidade, Educación, persoal adicado á loita contra o fraude fiscal, Policía Local, servizo de prevención e extinción de incendios, que se establece no 10 por 100 da TRE, computando nesta limitación os interinaxes, existindo algunhas excepcións que se analizarían se concorren os supostos en cada caso que teñen relación coa LOEOeSF e co TRLRFL

A Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, no seu artigo 20. Dous, seguindo o previsto na Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, establece que as retribucións do persoal ao servizo do Sector Público non experimentarán incremento algún en relación coas vixentes a 31 de decembro de 2013 en termos de homoxeneidade para ambos anos, condición que está a cumprir o Proxecto de Orzamento en trámite.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2013, así como as vacantes que se foron producindo e as correspondentes á Oferta de Emprego Público aprobada no ano 2011, que foi executada parcialmente e a OEP dos anos 2012 e 2013.

No que atinxe as retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta os acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesións do 8 e 26 de xullo de 2011. Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Srs. Concelleiros, para o ano 2014, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004.

O capítulo I do Orzamento da Entidade Local mantense invariable en relación co ano anterior (-0,01%), nos estados consolidados, a variación é positiva nun 0,43 por 100, sendo a orixe a Sentenza nº 170/2013 do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no que fallou como relacións laborais indefinidas non fixas a favor dos traballadores que viñan prestando os servizos na empresa que estaba contratada para os chamados servizos auxiliares no Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (ORDEN EHA 3565/2008), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desglose atendendo os grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico dos Empregados Públicos.

O capítulo II do estado de gastos recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman éste capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais nos casos que procedan.

No que se refire os servizos básicos, en ningún caso haberá unha merma nas prestacións, e aínda na situación de contracción económica, os servizos municipais manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns, en consecuencia, os servizos públicos básicos están a medrar na súa dotación. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos garantindo a calidade e cantidade das prestacións.

No programa de Benestar Social, hai un incremento na súa dotación do 22,52 por 100 en relación co ano anterior. Auméntase a dotación a becas de comedor, créase unha dotación de axuda para alugueiros, alimentos e carencia enerxética.

Como notas destacadas do capítulo II, están as políticas de gasto en educación cun crecemento do 10,23 por 100, con dúas novas garderías infantís e unha maior dotación para o programa Vigo por dentro, no programa da UNED, increméntase para un maior desenvolvemento da oferta formativa, os programas de acción social cun crecemento do 22,52, as becas de comedor, a dotación en aulas internacionais o convenio coa FOAMPA, as becas de inglés e unha maior dotación no servizo de Turismo para un programa de promoción turística.

En xeral, hai unha constante, o incremento das contías destinadas á política social e o mantemento de todas as políticas de benestar comunitario. Como nota máis salientable, só diminúe a área de gasto de débeda pública e de administración xeral, polo tanto, a reorganización dos recursos que estaban destinados ao servizo de débeda, permitiron unha maior atención ás políticas sociais.

O capítulo II ten un crecemento do 2,86% no orzamento da Entidade e un 2,36% nos estados consolidados, que ten a súa orixe no incremento do custo do servizo de tratamento dos Resíduos Sólidos Urbanos, no programa de becas de inglés e na actualización dos contratos de servizos.

O capítulo III, como consecuencia da redución da débeda, diminúe nun 52,40%.

En canto a variación global do capítulo IV do estado de gastos, transferencias correntes e subvencións, hai un incremento do 5,43% na entidade e un 10,42% nos estados consolidados. Neste capítulo están dotadas as políticas ao transporte urbano colectivo, as becas de comedor e libros, axudas a emerxencia social, os programas de emprego, as axudas para alugueiros, alimentos, carencia enerxética, programa de creación de empresas, subvencións ao deporte, subvención dos bonos aos usuarios do transporte urbano colectivo, etc. En resumo, melloráronse todas as políticas de promoción social e servizos públicos de carácter preferente e todas aquelas destinadas aos ámbitos da poboación máis desfavorecidos.

Mantense a aposta polo emprego, cun plan cuxo coste total directo ascende a máis de 5 millóns de euros, incluíndose dotacións para o desenvolvemento de políticas activas de emprego, programas de axudas a xeración de emprego e de asesoramento a emprendedores, axudas á creación de empresas, convenio para a creación dun co-working. Tamén se dotan recursos para a xestión do plan mediante a asinación de convenios con outros axentes, nace o plan de emprego xuvenil.

No capítulo I do estado de gastos, segue a manterse o Plan de Emprego Municipal dotado con 1,5 millóns de euros. Ademais destas dotacións, incorporáranse ao orzamento do ano 2014 por modificación de orzamentos os acordos asinados coa Comunidade Autónoma e con Fondos Europeos en materia de emprego, obradoiros, etc., que posibilitan a contratación de novos traballadores, que axudan a amortecer os efectos negativos da situación económica actual pola que atravesamos o mundo en xeral e a cidade en particular nun contexto de globalización que está a xerar unhas porcentaxes de desemprego que sobrepasan o 22% da poboación activa na nosa cidade.

Para facer fronte a esta situación, o Plan de emprego Municipal, supera os 5,5 millóns de euros.

Os servizos públicos básicos que engloban prestacións de carácter obrigatorio non só están garantidos, senón que naqueles casos que se require, son obxecto de mellora. Nesta área de gasto recóllense as dotacións da Policía Local e servizo de Extinción de incendios, Urbanismo, vías públicas, limpeza, recollida e tratamento do lixo, saneamento e abastecemento, alumeadado público, parques e xardíns, medio ambiente e todos aqueles que resultan obrigatorios con arreglo o artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Os servizos públicos básicos, xunto cos de Benestar Social e os de promoción de emprego, é en xeral, coa excepción do servizo de débeda pública, medran no seu orzamento en relación ao ano 2013.

No cadro de investimentos, pódese comprobar a composición do financiamento para cada unha das operacións de capital non financeiro. Unha vez máis, o Concello tense que enfrontar ao financiamento das súas operacións de capital sen a axuda nin cooperación de ningunha outra administración.

O financiamento ten a orixe seguinte:

Entidade, orixe do financiamento dos investimentos reais

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital Non financeiro
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	
4.046.071,96	6.800.000,00	0	0	0	0	10.846.071,96

Estados consolidados

F. Propia	Financiamento alleo					T. Oper. capital Non financeiro
	Préstamo	Deputación	Xunta Galicia	Unión Europea	Admón. Central	
4.531.016,22	6.800.000,00	0	0	0	0	11.331.016,22

Achégase o plan de investimentos e unha relación de proxectos, no que se contemplan accións tanto en zonas urbáns como rurais, que responde as necesidades e demandas dos cidadás.

Así mesmo, incorpórase o plan de investimentos e financiamento (PIF) a facer nos próximos catro anos. A necesidade de achega dun plan para o período descrito, ademais dos investimentos previstos para o ano 2014, ven imposta polo desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Aplicación	Proxecto	Investimento	2014	
			Rc. propios	Préstamo
1350.6320000	13135000	Parque de Bombeiros	294.232,72	
1350.6250001	14135001	Mobiliario	100.000,00	
1350.6230002	14135002	Cámaras e extractor de fumes	132.000,00	
1350.6290003	14135003	Equipamentos	150.000,00	
1550.6190006	14155006	Mellora infraestrutura en parroquias	700.000,00	
1550.6190007	14155007	1ª fase Rúa Rosalía Castro		1.740.000,00
1550.6190008	14155008	1ª Fase humanización F. Espino		400.000,00
1550.6190009	14155009	1ª Fase humanización, rúa Gerona		350.000,00
1550.6190010	14155010	Humanización Pazos e entronque		175.000,00
1550.6190011	14155011	Humanización rúa Mª Berdiales		585.000,00
1550.6190012	14155012	Humanización R. J. Ramón Gimenez		600.000,00
1550.6190027	11155027	Humanización Rúa Brasil, 3ª Fase		500.000,00
1550.6190028	10155028	3ª Fase humanización Rúa Aragón		300.000,00
1550.6190050	13155050	2ª an. Escaleiras P.Sol e cubrición	482.491,98	,00
1640.6320000	14164000	Investimentos mello. C. Teis		140.000,00
1650.6090000	14165000	Inv. Redes tendido eléctrico parroquias		500.000,00
1710.6090000	14171000	Mobiliario Urban	125.000,00	
1710.6190000	14171010	Mell. Instalacións deport. En parques	100.000,00	
1710.6190003	14171003	Recuperación de zonas verdes	80.000,00	
1710.6190007	14171007	Mellora en Parques Públicos	54.761,92	
1710.6190009	14171009	Ampliación P. Infantil Rúa Venezuela		250.000,00
1710.6190015	14171015	Parques infantís e biosaudables	350.000,00	
1710.6190016	14171016	Arranxo de palcos nas alamedas	50.000,00	
1710.6230004	14171004	Adquisición dun tractor	25.000,00	
2410.6230000	14241000	Maquinaria programas de emprego	30.000,00	
3210.6220003	13321003	2ª anualidade E.I Navia	382.746,10	
3210.6250000	14321000	Mobiliario para colexios	15.000,00	
3210.6310000	14321010	Investiementos en patios colexios	15.000,00	
3360.6220002	13336002	Rehabilitación Casa Patín		500.000,00
3410.6290003	14341003	Equipamento deportivo	25.000,00	
3410.6320014	14341014	Invest.campos de fútbol e inst.deport.		360.000,00
4310.6320000	12431000	3ª anualidade Mell. M. Do Berbés	300.000,00	
4310.6320001	10431001	2ª anualidade modificado M. Progreso		400.000,00
9120.6890000	14912000	Adquisición de obra	15.000,00	
9222.6340000	14922200	Grandes reparacións de flota	16.000,00	
9222.6220001	14922201	Adquisición de vehículos	16.000,00	
9226.6250000	14922600	Adquisición de mobiliario	50.000,00	
9227.6260000	14922700	Adquisición equipos informáticos	100.000,00	
92406220000	12924001	3ª anualidade CC. Praza da Miñoa	207.839,24	
9240.6250002	14924002	Mobiliario Centros Cívicos	30.000,00	
9330.6320000	14933000	Investimento mellora no P.Municipal	200.000,00	

A aplicación dos fondos públicos pretende abarcar distintos ámbitos de competencias e actividades do marco local, tratando de conquistar un desenvolvemento armónico e equilibrado, así como destinar os recursos necesarios para mellorar o funcionamento operativo dos servizos públicos.

En canto ao capítulo VII, de transferencias de capital, está a recoller as subvencións nos locais das AA.VV, CCVV, transferencias aos Organismos Autónomos, Axudas na rehabilitación, etc, sendo a súa composición cuantitativa a seguinte:

Aplicación	Proxecto	Investimento	2014	
			Rc. propios	Préstamo
15107100000	14151000	Trasferencia capital XMU	340.000,00	
2310.7800000	14231000	Axudas mellora en fogares	50.000,00	
3241.7100000	14324100	Transferencia capital a EMAO	18.922,84	
3340.7230000	13334000	50% Convenio CZFV do PC	281.133,42	
3420.7100000	14342000	Transferencia capital IMD	60.000,00	
9240.7800010	14924010	Transferencias capital Asociacións	150.000,00	
9240.7800000	14924000	Prazas de uso público	65.000,00	

INGRESOS

Os ingresos totais segundo o Proxecto do Orzamento do Concello para 2014, ascende a 225.690.755,49 euros, fronte aos 226.049.374,15 euros do último orzamento aprobado, o que supón unha variación á baixa do 0,16%. Os estados consolidados ascenden a 228.175.983,09 euros, fronte aos 228.843.936,56 euros do ano 2013, a variación á baixa é do 0,30 %. O orzamento de ingresos consolidado preséntase cun superávit para facer fronte a liquidación negativa do Instituto Municipal dos Deportes correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2012.

Nunha análise do estado de ingresos, compre salientar unha merma nos impostos indirectos, que ten a súa orixe na Cesion de Tributos do Estado. Tamén hai unha baixa nas taxas e outros ingresos nos estado consolidados. Nas transferencias correntes, hai un incremento do 1,36%, que ten o seu fundamento, na subvención ao transporte urbano colectivo. En canto ao capítulo I, correspondente aos impostos directos, medran todos, coa excepción da cesión do IRPF e do Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica, que tamén diminúe.

Imposición directa e indirecta

A variación positiva dos Impostos directos é dun 0,53 por 100.

O Imposto sobre Bens Inmóbles xuntamente co de características especiais, ten unha previsión de 63.750.000 euros, representa un 29,20 por 100 da totalidade dos ingresos correntes non financeiros e un 28,25 por 100 sobre a totalidade do orzamento. As previsións deste Imposto increméntase respecto das aprobadas no Orzamento de 2013, nun 0,82 por 100 para os bens inmóbles e 9,76 por 100 nos de características especiais. Esta variación, non é consecuencia dunha maior carga impositiva, senón dunha mellora na xestión dos padróns. Hai unha conxelación de todos os impostos, taxas e prezos públicos, coa excepción das taxas pola galería de Navia e pola telefonía móbil.

A previsión feita para os Vehículos de Tracción Mecánica por unha contía de 15.600.000 euros, diminúe en relación ca do ano anterior nun 1,89%, representa o 6,91 por 100 do total do orzamento e o 7,15 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros.

O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana, ten unha previsión de 4.350.000 euros, aumenta nunha porcentaxe do 3,57%, as previsións feitas representan un 43 por 100 das estimacións do ano 2010, esta previsión ten unha ponderación do 1,99 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros e do 1,93 por 100 sobre o orzamento total.

O Imposto sobre actividades económicas ten unha previsión de 13.500.000 euros, incrementa respecto do ano 2013 un 1,12 por 100, e está a representar un 6,18 por 100 sobre os ingresos correntes non financeiros e un 5,98 por 100 sobre o orzamento total.

En relación coa cesión do IRPF, a contía foi a notificada, que supón un axuste a baixa en relación coa comunicada para o ano 2013, ten unha previsión de 5.040.640 euros e supón unha diminución do 3,12%.

Os Impostos Indirectos experimentan un axuste á baixa do 3,67%, que xa foran obxecto doutra baixa no ano 2013 en relación co ano 2012 nun 12,70 por 100. O axuste é consecuencia da minoración na cesión do IVE e dos II.EE, a contía prevista é de 4.167.340 euros de IVE e 1.333.680 de II.EE, sendo a minoración do 3,67%, imputable na súa totalidade ao IVE e aos II.EE.

Capítulo III

As Taxas e Prezos Públicos medran nunha porcentaxe imperceptible do 0,57 por 100, representan un 15,62 por 100 do total do orzamento e un 16,15 por 100 dos ingresos correntes non financeiros. As variacións son por axustes en aproveitamentos do dominio público, recargo de constrinximento e outros ingresos de dereito público non suxeitos a un padrón.

As contías orzamentadas teñen a súa análise, nos históricos e máis concretamente, nas liquidacións dos dous últimos anos.

Participación en ingresos doutras Administracións

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2014, foron as notificadas oficialmente polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento), deducidas as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008-2009, que pasan a devolverse-compensarse en 10 anos.

No concepto do Fondo Complementario de Financiamento, deducíronse 2.654.066,35 euros, que é precisamente a contía a compensar no ano 2014, sendo a variación negativa do 0,22% , habéndose tomado en consideración a liquidación do FCF do ano 2012. A contía que figura como previsión das entregas a conta do FCF é de 59.885.743,65 euros e a subvención ao Transporte Público é de 1.041.381,34 euros, contía ingresada no ano 2013.

A variación negativa pola cesión de Tributos do Estado e a contía do Fondo Complementario de Financiamento, ten un axuste á baixa do 3,54 por 100 en relación aos do ano 2013.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior en 6.199.366,92 euros, comunicada pola Xunta de Galicia, Consellería de Facenda o 28/01/2014.

Os importes relativos ao Plan Concertado e Drogodependencia, as previsións axústanse aos dereitos liquidados e comunicados no ano 2013 por unha contía de 1.600.000 euros e 550.000 euros respectivamente.

Concertación de pasivos financeiros

En canto a contía do préstamo, prevese a concertación dunha operación por un importe de 6.800.000 de euros. A previsión desta operación, ten o seu amparo na contía das amortizacións das operacións financeiras que se detallan no capítulo IX do Estado de Gastos, non tomando en consideración aos efectos de amortización as que se fan con cargo ao orzamento de ingresos polas devolucións das liquidacións negativas dos anos 2008-2009 polas entregas a conta na Cesión dos Tributos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento.

No informe económico de ingresos faise unha análise polo miúdo das porcentaxes que en cada caso representan as magnitudes máis relevantes respecto aos ingresos correntes e sobre o orzamento total. En calquera caso, os ingresos están calculados sobre bases estables e rigorosas, incorporando os axustes razoables que se derivan da propia conxuntura económica.

En resumo, o proxecto de orzamentos que se presenta, non só garante a prestación da totalidade dos servizos, senón que os programas de contido social como: a promoción e benestar social, axuda no fogar, axudas a estudos na lingua extranxeira, becas de comedor, axudas a libros, gasto en educación, gasto en comedores sociáis, fomento de emprego, programas de axuda a alugueiros, alimentos e carencia enerxética, etc, aumentan as porcentaxes do ano anterior ou nalgún caso, case duplica a dotación, o que hai que considerar non só importante pola súa contía, senón pola decisión de facer fronte a situacións que nalgúns casos resulta dramática.

Se se fai unha análise por áreas de gastos, o orzamento evidencia claramente, que os servizos públicos básicos medran nas súas dotacións, os de carácter social crecen nun 22,52%, e actuacións de carácter económico tamen teñen variacións porcentuais positivas, pero o incremento máis salientable o experimentan as políticas sociais, só diminúe o programa de débeda pública.

Estamos polo tanto, ante un orzamento solidario, social, equilibrado e responsable.

O orzamento, é unha ferramenta que permite actuar como un mecanismo redistributivo da riqueza, por iso, nesta conxuntura, utilízase para facer fronte as necesidades máis acuciantes. Por outra banda, unha xestión máis eficiente no manexo dos recursos públicos, se concreta na posibilidade de presentar un proxecto de orzamentos que trata de dar resposta aos problemas que teñen os cidadás na situación actual.

Así mesmo, este orzamento, engade o espírito do consenso, da suma de vontades, unha aposta por saír da crise, por darlle se cabe un maior protagonismo ao cidadá. En resumo, un orzamento que prioriza os empregos de acordo a prioridade que lle outorgan os cidadás.

Estas son as señas identitarias deste proxecto, un orzamento riguroso, consensuado, responsable, solidario, social e inversor, que se presenta ao Pleno da Corporación para o seu estudo e aprobación si procede, e que rexerá para todo o ano 2014.

En Vigo, a 3 de abril de 2014
O ALCALDE PRESIDENTE

Abel Caballero Álvarez